

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DEZANOVE DE XANEIRO DE DOUS MIL DEZAOITO.

Na Casa do Concello de Valdoviño (no Salón de Sesións Plenarias) reúnese no día dezanove de xaneiro de dous mil dezaoto a Corporación deste Concello con obxecto de celebrar a sesión de carácter ordinario mensual con comezo ás vinte horas e cinco minutos en primeira convocatoria. Preside a sesión o Sr. Alcalde don Alberto González Fernández, á que asisten os/as concelleiros/ concelleiras que se citan: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, don Benito Manuel Vega Fernández e dona Jessica Sabín Fernández do (PSdeG- PSOE); don José Antonio Vigo Lago, don Esteban García Alonso, don José Antonio Rodríguez Fernández e dona M^a Cristina Freire Aneiros do Partido Popular (PP); don Luís Manuel Beceiro Rodríguez de Centristas de Valdoviño (CENVAL); don Carlos Alberto Ameneiros Serantes do Bloque Nacionalista Galego (BNG); coa inasistencia de don Manuel Javier Bacorelle Robles de Unidos por Valdoviño (U POR V) e de don Alejandro Antonio García Sousa (PSdeG-PSOE), excusando a asistencia deste último edil o Sr. Alcalde.

Asistidos da secretaria titular do Concello, dona Carlota González Navarro; así coma da interventora do Concello, dona Gema Leal Insua.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

ORDE DO DÍA

I) PARTE DISPOSITIVA

1º.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 15.12.17 (ORDINARIA).-

Os concelleiros asistentes á sesión aprobaron en votación ordinaria e por unanimidade o borrador da acta precitada.

2º.- RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓN PRESENTADA POR PARTE INTERESADA EN RELACIÓN AO INVENTARIO DE BENS E DEREITOS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO.-

Proposta de Alcaldía, ditaminada favorablemente pola comisión informativa de Planificación Territorial e Xestión Administrativa en sesión de data 15.01.18:

“Vista a alegación presentada por D. Antonio Mesía Castro, n^a de rexistro de entrada 3645, de data 08 de novembro do 2016, relativa ao camiño con n^a de activo 1C.3.0309 no lugar de Fornos, Parroquia de Meirás, no que se sinala que dito camiño é de propiedade privada.

Visto que dito camiño figura no Inventario de camiños de titularidade municipal, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello en data 17 de outubro do 2014.

Visto que con data 29 de novembro de 2017, emítase certificado asinado polo Xefe de Sección topográfica do servizo de Infraestructuras agrarias da Xefatura territorial de A Coruña, onde certifica que o citado camiño, que discorre entre a finca 599 de concentración parcelaria de Meirás e Excluído, é un camiño público de titularidade municipal.

Vista a documentación obrante no expediente.

Esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Desestimar a alegación formulada por D. Antonio Mesía Castro, nº de rexistro de entrada 3645, de data 08-11-2016, relativa ao camiño con nº de activo 1C.3.0309 no lugar de Fornos, Parroquia de Meirás, ao considerar dito camiño como camiño público de titularidade municipal, polos motivos expostos anteriormente.

Segundo.- Notificar dito acordo ao interesado cos recursos pertinentes.

Valdoviño, 10 de xaneiro do 2018.

O alcalde;

Asdo; Alberto González Fernández.”

Resume o Sr. Alcalde que a proposta, se tratou e ditaminou favorable en comisión informativa, explicando que o camiño en cuestión figura como camiño municipal no inventario, non constando que houbo modificación respecto ao seu carácter, polo que se debe manter o seu carácter público; sí procede, resolver a alegación por acordo plenario.

O Pleno, en votación ordinaria e por maioría dos asistentes á sesión acordou aprobar a desestimación da alegación citada, conforme á proposta e ditame cuio contido antecede.

Votaron a favor os grupos do PSdeG-PSOE, CENVAL e BNG (7 votos) e a abstención do grupo PP (4 votos).

3º.- APROBACIÓN DE CONVENIO DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS PARA A ASUNCIÓN POLA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DA CONVOCATORIA E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS SELECTIVOS UNITARIOS PARA O ACCESO ÁS DIFERENTES CATEGORÍAS DOS CORPOS DA POLICIA LOCAL E AS PRAZAS DE AUXILIARES DE POLICIA LOCAL OU AS PRAZAS DE VIXILANTES MUNICIPAIS.-

DITAME DE COMISIÓN INFORMATIVA DE PLANIFICACIÓN TERRITORIAL E XESTIÓN ADMINISTRATIVA DE DATA 15.01.18:

“Visto o Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local, publicada no DOG Núm. 222 de data 22 de novembro de 2017.

Nel, indicase que en base á Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais (nºs 6 e 7 do artigo 32) que os concellos poderán solicitar á consellería competente a colaboración na realización das probas de selección para o ingreso, ascenso ou promoción aos corpos de policía local na forma que regulamentariamente se estableza e que, así mesmo, a Xunta de Galicia poderá asumir a convocatoria das prazas vacantes e, de ser o caso, a formación e o período de prácticas naqueles concellos que así o acorden mediante os oportunos convenios de colaboración.

Visto que a execución destes procesos atribúeselle á Academia Galega de Seguridade Pública quen publicou nota informativa de carácter xeral sobor do Decreto 115/2017 de 17 de novembro, e o xeito de desenvolver a cooperación á que alude.

Tendo en conta que a cooperación do Concello- AGASP (Xunta de Galicia) instrumentalízase mediante convenio de delegación de competencias que deberá ser asinado unha vez aprobado polo Pleno do Concello e Visto o contido do dito convenio,

Esta Alcaldía, PROPÓN AO PLENO da Corporación a adopción dos seguintes ACORDOS: aprobar o ditame da comisión informativa, e en consecuencia:

Primeiro.- Delegar na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia as competencias relativas á convocatoria para o desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías de corpo da Policía Local e as prazas de auxiliares de Policía Local e as de vixilantes municipais, por todo o tempo de vixencia do convenio.

Segundo.- Aprobar o convenio cuio texto se transcribe literal como Anexo a este acordo.

Terceiro.- Remitir á Vicepresidencia da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza o presente acordo para o seu coñecemento e aos efectos oportunos. Non entanto, o Pleno acordará o que estime máis convinte.

Valdoviño, 15 de xaneiro de 2018
O Alcalde,
Asdo.: Alberto González Fernández”

ANEXO

CONVENIO TIPO PARA A ASUNCIÓN POLA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DA CONVOCATORIA E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS SELECTIVOS UNITARIOS PARA O ACCESO ÁS DIFERENTES CATEGORÍAS DOS CORPOS DE POLICÍA LOCAL E AS PRAZAS DE AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL OU AS PRAZAS DE VIXILANTES MUNICIPAIS

Santiago de Compostela, ... de ... de ...

REUNIDOS

DUNHA PARTE, D. Alfonso Rueda Valenzuela, Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e Presidente do Consello Reitor da Academia Galega de Seguridade Pública, actuando en nome e representación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en virtude das competencias que ten atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia, no Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no artigo 8 da Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública e no artigo 2.2. do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de Policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local

DOUTRA, D. Alberto González Fernández, titular da Alcaldía-Presidencia do Concello de VALDOVIÑO, actuando en nome e representación deste en virtude das competencias que ten atribuídas pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e facultado para a sinatura deste convenio polo Pleno do Concello, segundo acordo adoptado na sesión de 19 de xaneiro de 2018, en cumprimento do previsto no artigo 22.1.p) en relación co 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril [municipios de réxime común]/123.1.j) da Lei 7/1985, do 2 de abril [municipios de gran poboación].

Recoñecéndose ambas as dúas partes con capacidade e representación legal suficiente para o outorgamento deste convenio,

EXPOÑEN:

I.- A Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, establece no seu artigo 32.7 que “a 2 Xunta de Galicia poderá asumir a convocatoria das prazas vacantes e, de ser o caso, a formación e o período de prácticas naqueles concellos que así o acorden mediante os oportunos convenios de colaboración”.

En desenvolvemento desta previsión, o artigo 2.2 do Decreto 115/2017 establece que “a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos mediante a asunción da convocatoria das prazas vacantes dos seus corpos de policía local, incluídas, de ser o caso, as de auxiliares de policía local ou dos postos de vixilantes municipais, de non existir no concello corpo de Policía local, requirirá a celebración do oportuno convenio a través da consellería competente en materia de seguridade”.

II.- Dentro do devandito marco regulador, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da súa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e da Academia Galega de Seguridade Pública, desexa cooperar activamente cos concellos de Galicia que dispoñen de corpo de Policía local e das prazas de auxiliares de policía local ou de vixilantes municipais, mediante a asunción da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías dos devanditos corpos e prazas de auxiliares de policía local e de vixilantes municipais.

III.- Mediante acordo do Pleno de data 19 de xaneiro de 2018, adoptado en cumprimento do previsto no artigo 22.1.p) en relación co 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril [municipios de réxime común]/123.1.j) da Lei 7/1985, do 2 de abril [municipios de gran poboación], o Concello de VALDOVIÑO delega na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia as competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías de seu corpo de Policía local e as prazas de auxiliares de policía local e as de vixilantes municipais, por todo o tempo de vixencia do presente convenio.

Para instrumentar esta delegación, e de acordo co previsto no artigo 2.3 do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, e na lexislación de réxime xurídico do sector público e de réxime local, ambas as dúas partes acordan as seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA: Obxecto.

1. Este convenio ten por obxecto instrumentar a delegación polo Concello de VALDOVIÑO na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia das competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías do seu corpo de policía local e as prazas de auxiliares de policía local e de vixilantes municipais.

2. En virtude da devandita delegación, a Administración xeral da Comunidade Autónoma asume durante o período ao que se estende a vixencia deste convenio a convocatoria e desenvolvemento de todos os procesos selectivos para as prazas das diferentes categorías do seu corpo de Policía local e as prazas de auxiliares de policía local e as prazas de vixilantes municipais, segundo as necesidades de persoal que lle sexan comunicadas polo concello na forma e prazos establecidos no presente convenio e demais normativa de aplicación.

3. Para o ano 2018 a delegación realizada polo concello é aceptada pola Administración xeral da Comunidade Autónoma en relación cos procesos selectivos para o acceso mediante o sistema de quenda libre á categoría de policía e as prazas de auxiliares de policía local e as de vixilantes municipais, de acordo coa previsión recollida na alínea a) da disposición adicional única do Decreto 115/2017, do 17 de novembro.

No momento en que a previsión recollida na alínea b) da devandita disposición adicional única se desenvolva para as demais categorías e sistemas de acceso aos corpos de policía local, a delegación realizada polo concello, de ser o caso, con esas outras categorías e sistemas de acceso, é aceptada e producirá plenos efectos, sen precisar novo acordo plenario, debendo o concello comunicar, nos prazos establecidos no Decreto 115/2017, as novas prazas a convocar.

Entrementres non se leve a cabo o referido desenvolvemento, o concello poderá convocar e desenvolver os procesos selectivos das categorías e sistemas de acceso aos que se refire o parágrafo anterior, coa obriga de reservar praza, dentro dos prazos establecidos, nos cursos selectivos de formación ou capacitación para as persoas que resulten aprobadas ou obteñan praza.

SEGUNDA: Comunicación á Academia Galega de Seguridade Pública das prazas concretas a convocar e prazo para efectuar a devandita comunicación.

1. O concello, no momento da sinatura do convenio ou ben nun momento posterior e, en todo caso, 4 antes dos prazos que a continuación se indican, deberá comunicar á Academia Galega de Seguridade Pública, no modelo que se recolle no Anexo I, o número, a denominación e as características das prazas que se terán que convocar para o seu corpo de policía local, incluídas, de ser o caso, as de auxiliares de policía local e de vixilantes municipais, con determinación expresa da escala e categoría a que pertencen, indicando o grupo de titulación que corresponda, o nivel dos postos e as condicións ou requisitos necesarios para o desempeño de cada un deles, así como o sistema de acceso aplicable.

2. A comunicación deberá ir acompañada dunha certificación da persoa titular da secretaría do concello na cal se acredite o cumprimento de todos os requisitos legalmente esixidos para a convocatoria das prazas, segundo o modelo que se recolle no Anexo II deste convenio.

3. Os prazos para efectuar a devandita comunicación son os seguintes:

a) Excepcionalmente para o ano 2018:

- Ata o final do mes de marzo, para o acceso, mediante o sistema de quenda libre, á categoría de policía e as prazas de vixilantes municipais
- Ata o final do mes de febreiro, para os prazas de auxiliares de policía local.

b) A partir do ano 2019:

- Antes de que remate o mes de xaneiro de cada ano, para o acceso, mediante o sistema de quenda libre, á categoría de policía e as prazas de vixilantes municipais ou para o resto de categorías e sistemas dos corpos de policía local cuxos procesos selectivos unitarios estean habilitados conforme a previsión do apartado b) da disposición adicional única do Decreto 115/2017, do 17 de novembro.
- Antes de que remate cada ano natural para as prazas de auxiliares de policía local.

TERCEIRA: Alcance da delegación.

1. A delegación obxecto deste convenio comprende:

- a) A aprobación e publicación das convocatorias dos procesos selectivos coas súas bases, así como a aprobación, notificación e publicación de todos os demais actos e resolucións administrativas que dean cobertura xurídica ao desenvolvemento daqueles.
- b) O nomeamento e coordinación dos órganos de selección, incluído o aboamento de todos os gastos derivados da súa actuación.
- c) A recepción das solicitudes de participación e o cobro das correspondentes taxas.
- d) A xestión íntegra da operativa precisa para o desenvolvemento material dos procesos selectivos.
- e) A cualificación das probas selectivas e a aplicación dos correspondentes baremos de méritos.
- f) Se o convenio inclúise a selección do persoal auxiliar de policía local, a xestión das correspondentes listas selectivas nos termos establecidos polo artigo 19 do Decreto 115/2017, do 17 de novembro.
- g) Todas as demais xestións relacionadas coa convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos, coa excepción que se sinala no número seguinte.
- h) A organización dos correspondentes cursos selectivos de formación ou capacitación.

2. Exceptúanse da delegación as competencias relativas ao nomeamento como persoal funcionario en prácticas, ou, de ser o caso, como persoal funcionario de carreira, e a contratación como persoal auxiliar de policía local das persoas aprobadas ou que obtivesen praza nos procesos selectivos.

CUARTA: Obrigas da Administración xeral da Comunidade Autónoma.

1.A Administración xeral da Comunidade Autónoma obrígase a aprobar e publicar as convocatorias dos procesos selectivos para o acceso ás categorías do corpo de Policía local comprendidas neste convenio e as prazas de persoal auxiliar de policía local e de vixilantes municipais sempre que as prazas comunicadas para a correspondente categoría e sistema de acceso polos concellos cos cales estean en vigor os preceptivos convenios alcancen o número mínimo total de:

- Dez, no caso do acceso á categoría de policía polo sistema de quenda libre e aos postos de persoal auxiliar de policía local.
- Cinco, en todos os demais casos.

Para a determinación dese número mínimo sumaranse todas as prazas comunicadas antes de que remate o mes de xaneiro de cada ano, ou antes de que remate o ano natural no caso do persoal auxiliar de policía local, salvo o disposto nas cláusulas segunda e décima terceira.

Malia o anterior, a Administración xeral da Comunidade Autónoma resérvase a posibilidade de convocar procesos selectivos unitarios para un número de prazas inferior ao sinalado no parágrafo anterior, nos termos sinalados polos artigos 4.1 e 18.1 do Decreto 115/2017, do 17 de novembro.

2. No suposto de non se convocar un proceso selectivo unitario por non se acadar o número mínimo de prazas previsto no número anterior, a consellería competente en materia de seguridade porá inmediatamente en coñecemento do concello dita circunstancia. Este poderá optar entre desenvolver por si mesmo o proceso selectivo ou volver comunicar as prazas para o seguinte ano, sempre que o permita o prazo de execución da correspondente oferta de emprego público.

3.No caso de que o obxecto do convenio comprenda a selección de persoal auxiliar de policía local, a Administración xeral da Comunidade Autónoma obrígase tamén a seleccionar, a través da lista prevista no artigo 19 do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, ás persoas precisas para a cobertura das necesidades sobrevidas desta clase de persoal que se comuniquen polo concello no modelo que se estableza para o efecto, sempre que na devandita lista existan persoas aptas para a cobertura das prazas ás que se refira a comunicación.

QUINTA: Obrigas do concello.

En virtude deste convenio, o concello asume as seguintes obrigas:

a)Comunicar á Academia Galega de Seguridade Pública, na forma e dentro do prazo que se sinala na cláusula segunda, o número, a denominación e as características das prazas que se terán que convocar para o seu corpo de Policía local, incluídas, de ser o caso, as de auxiliares de policía local ou das prazas de vixilantes municipais que se terán que convocar, con determinación expresa da escala e categoría a que pertencen, indicando o grupo de titulación que corresponda, o nivel dos postos e as condicións ou requisitos necesarios para o desempeño de cada un deles, así como o sistema de acceso aplicable.

b) Nomear como persoal funcionario en prácticas, ou, de ser o caso, como persoal funcionario de carreira, ás persoas aprobadas ou que obtiveron praza nos procesos selectivos ou contratar como persoal auxiliar de policía local ás persoas seleccionadas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma, logo de verificar que teñen superado o preceptivo curso de formación.

c) Comunicar inmediatamente á Dirección da Academia Galega de Seguridade Pública a toma de posesión ou a contratación das persoas mencionadas na alínea anterior.

d) Efectuar os trámites internos necesarios, nos prazos que fixe a Academia Galega de Seguridade Pública, para a incorporación efectiva aos cursos selectivos de formación ou capacitación das persoas aspirantes que superasen o proceso selectivo.

e) Subministrar á consellería competente en materia de seguridade e a Academia Galega de Seguridade Pública toda a información que estas necesiten e demanden consonte o previsto polo Decreto 115/2017, do 17 de novembro, para o cumprimento das obrigas que derivan do presente convenio.

SEXTA: Financiamento dos procesos selectivos.

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma asume o financiamento de todos os gastos derivados da xestión e desenvolvemento dos procesos selectivos obxecto deste convenio, con cargo aos recursos consignados nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

2. A Administración xeral da Comunidade Autónoma percibirá os ingresos derivados das taxas que se establezan pola participación nos procesos selectivos, de acordo co establecido na lexislación de taxas da Comunidade Autónoma de Galicia.

SÉTIMA: Comisión de seguimento.

1. Este convenio será administrado por unha comisión de seguimento composta por dúas persoas designadas por cada parte, que adoptará os acordos por unanimidade.

2. A comisión de seguimento, de acordo co establecido no artigo 49.1.f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, é o instrumento para o seguimento, vixilancia e 8 control do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes, e exercera as súas funcións de acordo co establecido nos artigos 51.c) e 52.3 daquela.

3. A Administración xeral da Comunidade Autónoma e o concello comprométense a resolver por mutuo acordo, no seo da comisión de seguimento, cantas diferenzas resulten da interpretación e cumprimento deste convenio, sen prexuízo da competencia da orde xurisdiccional contenciosoadministrativa para o coñecemento de todas as cuestións e litixios que puidesen xurdir.

OITAVA: Vixencia.

1.- Este convenio ten vixencia dende a data da súa sinatura ata un máximo de catro anos de duración.

2.- Con anterioridade á súa finalización, o convenio poderá ser prorrogado, previo acordo escrito das partes, ata completar un período adicional da mesma duración.

3.- A finalización da vixencia do convenio non afectará ao desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios convocados ao abeiro do mesmo.

NOVENA: Causas de resolución.

1. De conformidade co establecido no artigo 51.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, son causas de resolución deste convenio:

a) A renuncia de calquera das partes, formulada por escrito cun mes de antelación a data na que desexe a finalización do mesmo.

b) O incumprimento das cláusulas do mesmo.

c) O mutuo acordo das partes.

2. A resolución do convenio non afectará ao desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios convocados ao abeiro do mesmo.

DÉCIMA: Modificacións.

As modificacións deste convenio formalizaranse mediante addenda, cos mesmos requisitos e condicións que se esixen para a aprobación do mesmo.

DÉCIMA PRIMEIRA: Publicidade.

1. En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio e informará na páxina web oficial da devandita subscripción cos seguintes datos básicos:

- a) Identificación das partes que interveñen.
- b) Importe do financiamento.
- c) Data da sinatura.
- d) Finalidade.
- e) Período de vixencia.

2. A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e publicidade referida no número anterior. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións que contén, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia.

DÉCIMA SEGUNDA: Natureza e réxime xurídico.

1. Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, quedando excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, en virtude do establecido no artigo 6.1 desta.

2. As discrepancias que xurdan pola aplicación deste convenio serán resoltas pola comisión de seguimento prevista na cláusula sétima. De persistir as mesmas resolverá a persoa titular da consellería competente en materia de seguridade e a Xunta de Goberno local do concello, no ámbito das respectivas competencias, poñendo fin á vía administrativa.

Este convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose ambas as dúas partes ao acordado en todas as estipulacións, e como proba de conformidade asíñase, por duplicado, no lugar e data arriba indicados.

O Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e Presidente do Consello Reitor da Academia Galega de Seguridade Pública.	O Alcalde
Alfonso Rueda Valenzuela	Alberto González Fernández

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou a aprobación do anterior ditame, e por conseguinte o convenio antedito.

4º- MODIFICACIÓN DOS PUNTOS 4.3 e 4.4 E DERIVADOS DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS DO PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE VALDOVIÑO.-

Proposta de Alcaldía:

“Alberto González Fernández, Alcalde do Concello de Valdoviño, visto o informe da traballadora social Emma Lamas Maceira do 16.01.18, en relación ás horas e ao valor da licitación do servizo de Axuda no Fogar previsto neste,

PROPOÑO:

O reaxuste das anualidades de gasto, no prazo de duración previsto no contrato do servizo de Axuda no Fogar no Concello de Valdoviño, visto o retraso de tramitación do expediente de contratación, e tendo en conta que se manteñen as estimacións de gasto e o prazo de duración, adecuado ao que se prevé de inicio de contratación.

En Valdoviño, a 16 de xaneiro de 2018.

Alberto González Fernández, Alcalde”

Explica o Sr. Alcalde que este procedemento require de publicación en Boletíns europeos, polo que se produciu un retraso na saída da licitación que obriga a un reaxuste das cantidades.

O Pleno ratificou a inclusión deste punto por unanimidade, e tamén por unanimidade e votación ordinaria acordou a súa aprobación; de modificación dos puntos citados e nos derivados da dita modificación.

II) CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO

5º.-DAR CONTA AO PLENO DE DECRETOS DA ALCALDÍA (EMITIDOS DENDE O 7/12/17 AO 29/12/17).-

En virtude do estipulado polo artigo 42 do ROFRXEL procedese a dar conta á Corporación dos decretos da Alcaldía que se ditaron entre o 07 de decembro e o 29 de decembro de 2017 e que comprenden os números de decretos do 484 ao 521 do ano 2017 para que os concelleiros/as coñezan o desenvolvemento da administración municipal aos efectos do control e fiscalización dos órganos de goberno previstos na LRBRL.

O Pleno deuse por enterado.

6º.- DAR CONTA DE INFORMES ECONÓMICOS.-

Dáse coñecemento á Corporación da Resolución da Alcaldía número 519/2017 de data 29 de decembro de 2017, de asunto: Prórroga do orzamento para o exercizo 2018; ante a imposibilidade de ter cumprimentado antes do 31 de decembro de 2017 a totalidade dos trámites legalmente establecidos para elaboración e aprobación definitiva do orzamento para o exercizo de 2018.

O Pleno tomou razón do informado.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

INTERVENCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG.- SR AMENEIROS SERANTES.-

*.- Solicita a colocación de contedores de recollida de aceite na parroquia de Valdoviño, igual que existen noutras parroquias (Lago, Meirás, Vilaboa).

Xustifica esta falta o Sr. Vega Fernández e o Sr. Alcalde en que se precisa buscar unha ubicación idónea, e coinciden nesta necesidade, porque Valdoviño ten un número considerable de veciños.

*.- Di que viu que o concello de Narón vai cobrar a compañías eléctricas pola instalación das torretas (un 5% de facturación que fan no concello) e considera que Valdoviño debe estudar tamén esta posibilidade.

O Sr. Saavedra Gutiérrez di que falou con Narón e que mirará a ordenanza.

Indica a Sra. Interventora e o Sr. Alcalde, que en Valdoviño pagan pola utilización do solo, subsuelo e voo dende hai moitos anos; engadindo o Sr. Alcalde que en Narón e Arteixo faise o cobro coas de alta tensión, que en Valdoviño non temos deste tipo, pero si liñas e evacuación.

*.- Pregunta se o concello permite plantar eucaliptos en prados.

Responde o Sr. Alcalde que non o permite a Xunta, quen exerce este control, pero hai dúbidas en lugares de concentracións parcelarias antigas.

Pregunta entón o Sr. Ameneiros Serantes se o Concello tendo coñecemento destas accións anómalas o transmite á Xunta; porque debemos ter en conta que non se pode plantar a menos de 50 metros das vivendas e hai varios casos e nomea nomea dous concretos con plantacións en prados en Meirás e Lago.

Informa o Sr. González Fernández de que hai un forestal adicado soio ao Concello de Valdoviño dependente da Xunta para vixilancia destas acutacións. Aparte o Concello manda tamén comunicación aos infractores.

Os Srs. Vigo Lago e García Alonso falan da existencia de aplicacións que permiten actuacións coma recabar a identidade das propiedades e outras informacións, extensibles a unha segunda fase de vixilancia.

*.- Plantexa a situación da Lagoa, cunha avaliación de gravidade polos traballos que desenvolve a Xunta neste espazo natural protexido.

Prosegue dicindo que a Xunta fixo intervención á súa maneira para valeirar, o que puido entender nun intre puntual, pero non sempre. Tense falado neste pleno dun protocolo coa Universidade, pero o plan da Xunta non vale, e o das excavadoras é unha vergoña, cun destrozo da zona e así di, que o ven reivindicando pleno tras pleno.

Que o Alcalde pidiu reunión coa Directora Xeral, pero que non informan de nada, que o Concello debe actuar na postura de que este é o noso territorio e non imos permitir estas

desfeitas. Rogalle o Alcalde que exerza coma tal cargo que desenvolve e pida responsabilidades á Xunta.

Pregunta que pasa se non se abre o Lago e responde o Sr. Alcalde que pode producirse un colapso con inseguridade das persoas na zona da praia, segundo opinión da Sociedade Galega da Historia Natural. Que o protocolo funcionaba dende o ano 1984 e que tamén se facía con excavadoras. Informa de que en días pasados informaron de que tiñan que empezar a abrir e comezaron o pasado día cinco, aínda que mal, porque non tiveron en conta o estado do mar (houbo marexada). O día seis, a Xefa do Servizo da Coruña, ao decirlle que non funcionaba non se atreve coa abertura e o día sete ven a Delegada de Medio Ambiente e abriuse. O Concello protestou por escrito á Directora Xeral e pechan. Di que dende a SGHN lle mandan documentación da actuación na Lagoa do ano 1984. E que dado que hai unha alteración do hábitat natural vai levar todo á reunión prevista para o vindeiro día vinte e dous; da que informará á Corporación.

O Sr. Beceiro preguntase cómo vai quedar a accesibilidade na praia.

O Sr. Amneneiros insta a que se pida responsabilidade polas consecuencias lesivas sobre esta zona plantexando unha proposta a acordar nesta mesma sesión.

INTERVENCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CENVAL.- SR. BECEIRO RODRIGUEZ.-

*.- Segue, como ven reiterando nas sesións plenarias, instando a limpeza do camiño real, porque soio se limpou un pedazo do camiño e atopase intransitable agás nas zonas que limparon os propios veciños.

*.- Insiste na subsanación de defectos na parcelaria; respondendolle o Sr. Vega que acudiu o técnico competente, quen dixo que ía tomar unha decisión.

*.- Solicita que se informe á xente clarificándolles o réxime nas plantacións como primeira medida no canto de sancionar; promover as zonas frondosas nas parroquias e ofrecerlles aos veciños a vantaxe de traballos conxuntos para fortalecer a zona forestal.

O Sr. Rodríguez Fernández lembra que hai unha comisión formada.

O Sr. Alcalde alude á dubida e consistencia da nova lei.

*.- Advirte da caída de terra no cemiterio vello; precisandolle o Sr. Vega Fernández que ten coñecemento e que non chegou a caer na estrada, soio na gabia.

*.- Sinala a conveniencia -e así o pide- de completar o tramo de alumeado público no Cameleiro- A Bergaña, e no traxecto da última casa de Valdoviño ao concello de Narón.

O Sr. Vega di que nese tramo non hai nen postes.

*.- Reclama se efectúe a contratación do chiringuito, pois rematou a anterior contratación no mes de agosto, e avisa se teña en conta de que hai unha instalación que non corresponde ao chiringuito: un container.

*.- Critica o feito de que se representase ao Concello de Valdoviño na Feira máis importante en Madrid e que non aparece o nome de Valdoviño na promoción do surf, senón Pantín-Classic.

*.- Pide que se celebre comisión informativa para tratar seriamente sobor do Plan Xeral de Ordenación Municipal e non Xunta de Voceiros.

Xustifica o Sr. Alcalde en que a secretaria lle comenta que o espírito das comisións informativas é de informar sobre propostas para posterior resolución polo órgano competente.

INTERVENCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PARTIDO POPULAR.- Voceiro: SR. VIGO LAGO.-

*.- Interesase sobre o acordado respecto á petición de autorización para colocación de carteis en Monte Campelo por parte da Administración Estatal.

O Sr. Alcalde comenta que coas zonas de Defensa, se dan en Valdoviño dúas situacións xurídicas distintas; unha respecto á zona da Carreira que está desafectada e outra a zona de Campelo que non está desafectada. Ademáis non permiten efectuar limpeza na zona. Agora a Secretaría de Estado pensa en quitar á venda a zona de Campelo (sen desafectar), polo que van a facer unha valoración. No lo comunican e lles dicimos que teñen que sacar licenza para colocar os carteis. O Sr. Alcalde expresa a opinión de que esas propiedades teñen que quedar para Valdoviño.

O Sr. Rodríguez Fernández pon de relevo que a falta de limpeza nesas zonas supón no caso de producirse incendio un grave risco para Valdoviño, especialmente para as parroquias de Meirás e de Lago.

*.- O Sr. Vigo, coma ven instando en todas as sesións plenarias, fai fincapé na urxenza de continuar a tramitación do nomeado e numeración de viais e rúas, expediente xa avanzado durante o seu mandato, alegando ademáis que hai moitas peticións dos veciños.

Afirma o Sr. Alcalde que no día de hoxe o seu grupo falou de retomar este asunto, coa empresa que fixera os traballos existentes e aclara a Sra. Secretaria que se prevé que estaría listo no mes de marzo.

*.- Pregunta sobor da denegación de axuda de mellora para actividades náuticas (GALP).

O Sr. Alcalde di que se denega a axuda porque non dispoñen de cartos, pero que de todos os xeitos as actividades estarían prohibidas pola Xunta, por causa da seca.

*.- Pregunta o Sr. Vigo en canto a novidades sobor do transporte público.

Indica o Sr. Alcalde que a Xunta está a traballar na modificación da concesión; e resalta en que hai horarios nos que está habendo aumento de xente para uso deste transporte.

*.- Alude a unha reclamación particular en relación a mal estado en beirarrúa.

Supón o Sr. Alcalde que se trata nun caso no cruce, onde hai unha baixada, e sobor do que os técnicos están a determinar se corresponde ao ámbito municipal ou á Deputación e de que probablemente estea roto unha baixante.

*.- Insiste en que hai que tramitar a contratación do mantemento do alumado público de xeito inminente.

O Sr. Alcalde responde que se está coa elaboración dos pregos.

*.- Pregunta o Sr. Vigo polo pago de Ferrol a Valdoviño pola auga.

Informa o Sr. Alcalde de que ten coñecemento de que un estudio dun enxeñeiro de Ferrol, determinou que Ferrol debe pagar máis a Valdoviño que a inversa. De que tivo reunión sobor deste tema , e que o están estudiando o Alcalde e o Secretario de Ferrol.

O Sr. Ameneiros Serantes, critica que Ferrol negocie co auga, ao subministrala a outros concellos, servizo polo que cobra.

*.- O Sr. Rodríguez Fernández fai o rogo de que se estudie no seo da Mancomuniade, a posibilidade do uso da piscina de Ares e Mugardos por veciños de Valdoviño, non por capricho de uso, senón porque esta piscina está dotada para desenvolvemento de actividades con fins terapéuticos.

Comprometese o Sr. Alcalde a propoñer este rogo.

*.- Finalmente o Sr. Ameneiros Serantes plantexa de novo que desta sesión saia unha proposta da Corporación valdoviñesa manifestando a disconformidade coa actuación que fai a Xunta na Lagoa, xurdindo a seguinte proposta:

“ Que a Corporación de Valdoviño rexeita a actuación que a Consellería de Medio Ambiente ven realizando na Lagoa de Valdoviño nestes anos, coa repercusión negativa que ten non soio sobor da propia Lagoa senón tamen sobor do areal, e polo tanto pidimos unha solución axeitada e urxente”.

Sen ningún outro asunto que tratar e sen máis rogos nen preguntas, a sesión ten o seu remate e queda levantada polo Sr. Alcalde, cando son as vinte e dúas horas e vinte e cinco minutos. Do que, como Secretaria, redato esta acta sobor do acontecido na sesión e CERTIFICO.

V. e Pr.
O Alcalde,

A Secretaria,